

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE MARZO DE 2019

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á interpretación polo concello da cláusula 8 do prego de cláusulas económico-administrativas do contrato de compravenda da parcela M4.B2 do SUP-6 de Santa Marta. Acórdase desestimar a solicitude para enervar ou limitar o prazo da cláusula de limitación de prezo establecida no alleamento en pública concorrencia da parcela M4-B-2 do SUP-6 de Santa Marta.

3.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións ás festas patronais 2019. Apróbanse as bases da convocatoria de subvencións, cun orzamento total de 24.500 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da modificación da programación e bases do concurso de Entroido 2019. Apróbase a modificación da programación, consistente no traslado do desfile-concurso previsto para o martes día 5 de marzo, suspendido por circunstancias climáticas sobrevidas, para o domingo 17 de marzo.

6.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación da programación do II Festival de poesía ALGUÉN QUE RESPIRA. POESÍA PARA O CORPO PRINCIPAL. Apróbase a programación.

7 a 32.- Proposta da Concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para substitución de ascensor e ampliación de recorrido 1ª planta no edificio situado en rúa Santa Teresa Jornet. Concédese a Hermanitas de Ancianos Desamparados licenza para realizar o proxecto.

2.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para as obras de construción de edificación destinada a almacén para viveiro no lugar Piñeiro de Enfesta. Concédese a licenza

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á declaración de caducidade do expediente do incumprimento do contrato formalizado coa empresa Danner Boots SL para a subministración da uniformidade para a Policía Local. Lote A: prendas de confección a medida. Apróbase a declaración da caducidade do expediente, e acórdase incoar un novo expediente por incumprimento de contrato

4.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á revogación da resolución aprobada o 14.12.2017 pola que se inadmite e devolve unha factura presentada pola sociedade mercantil Eulogio Viñal Obras y Construcciones correspondente á segunda certificación da obra de Mantemento e conservación dos accesos ao Polígono Industrial do Tambre. Acórdase revogar a resolución, recorrida pola empresa, e aprobar a certificación reclamada por importe de 43.716,97 euros cos xuros correspondentes.

5.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á non aceptación dunha subvención da Deputación Provincial da Coruña para a contratación dun técnico de xestión cultural (2018). Apróbase a proposta.

6.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á declaración de caducidade do expediente de incumprimento do contrato formalizado coa empresa Danner Boots SL para a subministración de uniformidade para a Policía Local. Lote D. Prendas de auga. Acórdase declarar a caducidade do expediente e incoar un novo expediente por incumprimento do contrato.

7.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao inicio dun expediente por incumprimento de contrato á empresa Serunión SL para a prestación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os CEIPs dependentes do Concello de Santiago. Acórdase iniciar un expediente á empresa Serunión con causa no descoido prolongado no tempo da súa obriga de utilizar a lingua galega na relación cos usuarios e usuarias. Acórdase dar audiencia ao contratista por un prazo de 15 días hábiles.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á prórroga do contrato para a prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de servizos sociais XIESS do Concello de Santiago do que é titular a empresa INDRA Soluciones Tecnoloxías de la Información SLU. Acórdase prorrogar o contrato polo prazo de dous anos, a contar desde o 16 de marzo de 2019.

9.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario co número 2019-CREXT-03 de importe de 123.569,40 euros e de suplemento de crédito 2019-SUPLE-01 de importe de 87.100 euros, financiados con baixas por anulación. Apróbase a proposta